



## BOLETÍN MENSUAL

### XUÑO 2018

#### APE GALICIA

- ✓ O PLAN REPENSA II CONTINUOU ESTE MES CON DÚAS XORNADAS MÁIS: UNHA PARA TRANSMISORES E OUTRA UN CARA A CARA PARA TRANSMISORES E EMPREENDEDORES.
- ✓ APE GALICIA CONVOCA COA COLABORACIÓN DO CONCELLO DE CERDEDO COTOBADE UNHA XUNTAZA PARA AUTÓNOMOS.
- ✓ FINALIZA O CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE PARA PERSOAS DESEMPREGADAS.

#### INFORMACIÓN PARA AUTÓNOMOS

- ✓ O DIARIO OFICIAL DE GALICIA FAI PÚBLICAS AS BASES REGULADORAS DE PROGRAMA DO BONO DAS PERSOAS AUTÓNOMAS.
- ✓ O DIARIO OFICIAL DE GALICIA PUBLICA ESTE MES AS BASES REGULADORAS PARA O PROGRAMA DE REMUDA XERACIONAL NOS NEGOCIOS DAS PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS.
- ✓ O ISGA OFRECE UN PROGRAMA DE RECOÑECEMENTOS MÉDICOS ESPECÍFICOS PARA OS TRABALLADORES/AS AUTÓNOMOS/AS
- ✓ AXUDAS DO IGAPE PARA NOVOS EMPREENDEDORES (2018)

## O PLAN REPENSA II CONTINUOU ESTE MES CON DÚAS XORNADAS MÁIS: UNHA PARA TRANSMISORES E OUTRA UN CARA A CARA PARA TRANSMISORES E EMPREENDEDORES.


No boletín do mes pasado falabámosvos da primeira xornada do Plan repensa II dirixida a novos emprendedores.

A segunda conferencia foi executada o martes 5 de xuño, de novo na casa da Luz de Pontevedra. Esta xornada ía dirixida expresamente ás persoas que actualmente están rexentando un negocio e que proximamente se verán obrigados a pechar as portas dos seus establecementos por xubilación.

Presenteu o Acto Anabel Gulás, concelleira de Promoción Económica, acompañada de Esther Cuesta, ADL do concello. Trala súa intervención tomou a palabra Luísa Rivas, para informar os presentes das obrigas e deberes no proceso de transmisión dun negocio, dos entrincados camiños que deben seguir para conseguilo con éxito e das subvencións e axudas ás que poden optar. Finalmente houbo un espazo para cuestións por parte dos oíntes, as que tanto Luísa Rivas como Sonia Acuña deron resposta.

A reunión resultou moi interesante para os participantes xa que as preguntas foron varias en relación o proceso. Así mesmo o grupo proseguiu cunha charla entre os participantes sobre as súas experiencias e inquietudes, cousa que valoramos positivamente xa que sempre axuda comentar estes temas entre iguais.

Algúns dos dirixentes dos negocios que están rexistrados no Plan Repensa II non puideron acudir a esta sesión por cuestións de diversa índole: responsabilidades familiares, enfermidade...



A terceira reunión celebrada no Plan repensa II ía dirixida ós dous colectivos protagonistas: os transmisores de locais e os que están pensando en comezar unha nova andadura como emprendedores.

A reunión foi presentada por Sonia Acuña (secretaria técnica de APE Galicia), a cal presentou ó Presidente da asociación de APE Galicia para os que non o coñecesen ou non puidesen asistir nas anteriores ocasións; e dou paso a Luísa Rivas, avogada e asesora xurídica de APE Galicia.

Tras dala benvinda a todos os asistentes, Luísa fixo un resumo do acontecido nas últimas dúas reunións e recordoulles ós participantes que APE Galicia e o Concello de Pontevedra estabamos á súa disposición.

Volve tomar a palabra Sonia Acuña e anuncia o reparto de catálogos dos locais que actualmente están rexistrados no Plan Repensa II. Tras a revisión destes por parte dos asistentes, propúxose ós autónomos donos dos locais que contasen as súas experiencias, dificultades e tamén as cousas boas que ten ser autónomo. Abriuse un debate no que foron moitos os que participaron e deron a súa opinión respecto ó que conleva ser autónomo.

Por outra banda, tamén se preguntou os posibles novos emprendedores se tiñan algunha cuestión ó respecto para facerlles non só ós que xa levan sendo moito tempo autónomos, senón tamén a APE Galicia. Foron varias as cuestións, polo que se volve iniciar unha charla entre os asistentes.

O que se buscaba nesta congregación e que vellos autónomos e posibles emprendedores intercambiasen experiencias e visións, e de ser posible que se iniciase algún contacto entre eles.

Finalmente, Sonia Acuña da as grazas os asistentes pola súa asistencia e volve recordarlles a todos que estamos á súa disposición para conseguir unha boa xestión na transición do relevo. Algunhas persoas achegáronse para interesarse pola nosa dirección e horario, polo que esperamos encantados a súa visita proximamente.



Hoxe en día está moi estendido entre a sociedade que ser autónomo é un camiño moi arduo e complexo. A isto súmaselle que para emprender, as persoas atópanse cunha gran falta de información e asesoramento e o medo ó descoñecido esmorece ese atrevemento de comezar algo propio.

O Plan Repensa II comezou este ano co obxectivo principal de seguir promovendo o comercio local pero tamén para impulsar á xente a facerse autónoma e darlles a man neste novo percorrido.

APE Galicia considera que esta primeira etapa de difusión e charlas cos interesados foi bastante frutífera, pois como comentábamos anteriormente, hoxe por hoxe o medo envolve as persoas cando se lles fala de “ser autónomos”.

Tras estes encontros xa houbo persoas que se achegaron a nós para asesoramento do relevo xeracional ou como xestionar algunha das axudas das que se comentaron nas reunións.

APE Galicia xa se ilusionou con este proxecto en 2016 e este sentimento crece co paso do tempo. Por este motivo, a asociación quere manter vivo este plan e seguir ofrecéndolle tanto a transmisores de locais coma a emprendedores o asesoramento necesario facilitar o contacto duns con outros para procurar o beneficio de ambos colectivos.

A idea é seguir dándolle publicidade o Plan Repensa e que os futuros participantes acudan a nós para guialos no camiño. Esta axuda estará centrada na información e asesoramento, poñendo a un/ha expert@ no sector unha vez o mes nas dependencias de APE Galicia para atender as consultas tanto de transmisores como de emprendedores.

Por outra banda, APE Galicia Pretende destinar un apartado da súa páxina web para este novo plan. Tanto transmisores como receptores, poderán acudir a nós para poñer o seu anuncio, tanto de traspaso dun local como a mostra de interese por facerse autónomo e deixar expostas as súas expectativas. Desta maneira, poderemos poñer dende APE Galicia ámbalas dúas partes en contacto ó longo do tempo.

## APE GALICIA CONVOCA COA COLABORACIÓN DO CONCELLO DE CERDEDO COTOBADA UNHA XUNTAZA PARA AUTÓNOMOS.

O pasado 14 de xuño celebrouse no Concello de Cerdedo Cotobade una xuntanza para autónomos para expoñer e resolver asuntos de interese para este colectivo. Esta levouse a cabo no Salón de Plenos do citado concello, o cal en todo momento colaborou e puxo todo da súa man para que esta se levase a cabo.

O obxectivo da xornada era expoñer dunha forma práctica e sinxela a nova Lei do autónomo, en vigor dende o 1 de xaneiro de 2018, así como as diferentes axudas da Xunta de Galicia que xa están en vigor e adiantar as que estarán dispoñibles proximamente.

A primeira intervención foi para Jorge Cubela López, Alcalde do Concello de Cerdedo-Cotobade, o cal anunciaba que estaba encantado de poder levar acabo esta iniciativa no concello e que os seus autónomos non se sintan desamparados. Séguelo o Presidente de APE Galicia, José Ramón Caldas para darlle as gracias polo apoio e a axuda brindada para que a reunión se levase a cabo e dáse a paso o groso da congregación.





Sonia Acuña, secretaria técnica de APE Galicia da paso a cada un dos poñentes, sendo esta a liña de intervencións:

Anabel Fernández López, Licenciada en Dereito, especialista en Economía e Administración de Empresas e en Dereito de Traballo e Seguridade Social, é asesora xurídica de APE Galicia na provincia da Coruña. Anabel falounos sobre a nova Lei do autónomo e puxo de relevo aqueles aspectos máis importantes e innovadores desta.



Séguea ca conferencia, Franciasco Javier Salado, Xefe de Servizo do emprego autónomo, o cal nos explica os aspectos clave da Oficina Virtual do autónomo, o seu funcionamento e que podemos atoparnos nela: formación, axudas, relevo...

Acto seguido intervéñen Juan Lirón Lago, Subdirector Xeral de Emprego da xunta de Galicia, quen nos explica as distintas axudas para o colectivo autónomo, tanto as que xa están dispoñibles como as que sairán proximamente. Entre elas tópanse:

- **APROL:** Programa de incentivos á contratación na empresa ordinaria.
- **EMPREGA XUVENTUDE:** Programa de axudas para a contratación de mozas e mozos desempregados.
- **RSE, IGUALDADE E CONCILIACIÓN:** Programa de axudas para implantar a RSE, a igualdade laboral e a conciliación nas pemes.
- **AXUDAS DESTINADAS Á EMPRESA:** Incentivo Base por contratación de PLD, con discapacidade ou en risco de exclusión.
- **AXUDAS DESTINADAS AO AUTOEMPREGO:**
  - Incentivos ao autoemprego
  - Incentivos aos autónomos pola contratación indefinida
  - Bono autónomo
  - Conciliación
  - Continuación tarifa plana
  - Relevo xeracional



Luísa Rivas, Colexiada do ilustre Colexio de Avogados de Vigo, Licenciada en Dereito e especializada en Asesoría fiscal e Xestión do patrimonio, é outra das asesoras xurídicas de APE Galicia neste caso da provincia de Pontevedra. Luísa profundizou no relevo xeracional, contando como debemos planificar este proceso, como elixir ó sucesor, como garantir a continuidade do negocio e como evitar a carga fiscal.

Por outro lado, Luisa tamén recordou ós asistentes que APE Galicia está inmerso no proxecto Plan Repensa, que precisamente trata de axudar ós dous bandos de interese nesta proposta: transmisores e emprendedores.



Finalmente tiña a palabra Roberto Hermo, responsable de Lopdat do Grupo Isonor. Estaba previsto que lles fálese ós asistentes sobre o novo regulamento da protección de datos, pero a xuntanza alongouse máis do esperado e concretamos estre os responsables de APE Galicia e os invitados á xuntanza de pospoñer este tema para outro día nunha nova xuntanza.



## FINALIZA O CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE PARA PERSOAS DESEMPREGADAS: "MERCADOTECNIA NO COMERCIO INTERNACIONAL"

O Certificado de profesionalidade para desempregados na especialidade de Mercadotecnia e compravenda internacional chega ó seu fin. O curso comezaba a principios de outubro do pasado ano con 16 alumnas e rematou o pasado día 15 de xuño cun total de 10 alumnas asistentes, pois as restantes abandonaron por contratación laboral.

Destas dez alumnas, como xa comentábase no outro boletín, foron 7 as que aprobaron todos os módulos teóricos e asistiron ás prácticas profesionais non laborais en empresas dos arredores. Como non podía ser doutra maneira, as nosas alumnas foron cualificadas coma APTAS tanto polo titor da empresa como o titor da formación xa que fixeron un gran traballo.

Proximamente, as alumnas que superaron con éxito o curso recibirán os seus diplomas acreditativos. Aquelas ás que lles quedou algún módulo esperamos poder contar con elas na próxima edición para que completen os seus estudos e poidan acceder a un posto de traballo cualificado.



**O DIARIO OFICIAL DE GALICIA  
FAI PÚBLICAS AS BASES  
REGULADORAS DE PROGRAMA DO  
BONO DAS PERSOAS AUTÓNOMAS.**

O pasado 4 de xuño saía publicado no DOG a ORDE do 22 de maio de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa do bono das persoas autónomas e se procede á súa convocatoria para o ano 2018 (código de procedemento TR 341Q).

Esta orde ten por **obxecto** aprobar as bases reguladoras polas cales se rexerá a convocatoria pública de axudas do Programa do bono das persoas autónomas, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento TR341Q), e se procede á súa convocatoria para o ano 2018.

Poderán ser **beneficiarias** das axudas reguladas nesta orde as persoas traballadoras autónomas que estean de alta no réxime especial de autónomos ou en mutualidade de colexio profesional, que teñan domicilio fiscal en Galicia, que teñan unha antigüidade na realización efectiva dunha actividade empresarial ou profesional de maneira ininterrompida na data da solicitude da axuda por un prazo superior a 42 meses e que teñan un rendemento neto reducido dos rendementos de actividades económicas declarados na declaración do IRPF anual inferior a 30.000 euros e unha facturación mínima anual de 12.000 euros, IVE incluído, declarados no ano anterior ao da convocatoria.

As subvencións do bono das persoas autónomas teñen as seguintes características:

1. Poderase conceder para a mellora da competitividade da actividade empresarial ou profesional das persoas beneficiarias desta orde, mediante pagamento anticipado, unha subvención dun 80 % da actividade que se subvencione cun límite máximo de 3.000 euros de axuda polo conxunto de actividades subvencionables, sendo o resto do gasto por conta do beneficiario.

2. Esta axuda terá dúas liñas de actuación:

**Liña 1.** Mellora da competitividade a través dos seguintes servizos:

- Investigación de mercado.
- Plan de márketing.
- Plan de comunicación do negocio.
- Plan estratéxico do negocio.
- Plan crecemento: constitución sociedade.
- Plan de reorientación do negocio.
- Plan de uso das novas tecnoloxías no negocio.
- Plan de refinanciamento.

Tamén poderanse subvencionar outros estudos e planes que teñan como fin aumentar a competitividade da empresa.

Así mesmo, poderá ser computable como gasto subvencionable o pagamento do importe do cofinanciamento privado dos servizos contratados co Igape a través do programa Re-Acciona na súa convocatoria para o exercicio de 2018 e sucesivas por parte das persoas traballadoras autónomas.

**Liña 2.** Mellora da competitividade a través dos seguintes investimentos:

- Compra de maquinaria.
- Compra de útiles e ferramentas.
- Reforma do local do negocio.
- Equipos informáticos.
- Rótulos.
- Aplicacións informáticas e páxinas web.
- Creación logotipo do negocio.

Na solicitude de axudas, as liñas 1 e 2 non son excluíntes nin entre elas nin entre os distintos servizos e investimentos que as configuran. No caso de solicitar axudas da liña 1 e da liña 2, atenderase en primeiro lugar a liña 1 e despois a liña 2 co límite máximo de 3.000 € de axuda polo conxunto de actividades subvencionables.

En relación a **documentación**, as solicitudes deberanse presentar nos modelos normalizados que figuran como anexos numéricos desta orde e deberán ir acompañadas da documentación que se relaciona:

a) Cando se actúe mediante representación, poder suficiente da persoa representante para actuar en nome da persoa representada.

b) Certificación da entidade prestadora do servizo na cal conste a súa idoneidade para a súa prestación e o contido da dita prestación para axudas da liña 1.

c) No caso de estar realizado o servizo ou feito o investimento, facturas e o seu correspondente xustificante bancario de pagamento; de non ser así, factura pro forma (no modelo anexo II).

d) Declaración responsable da facturación realizada no ano 2017 das persoas traballadoras autónomas que tributan por módulos.

O **prazo de presentación** de solicitudes será dun mes a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no DOG; estará dispoñible a aplicación informática da sede electrónica desde as 9.00 horas do día seguinte á súa publicación no DOG ata as 23.59 horas do día de finalización do prazo.

Para máis información:

<http://www.apegalicia.es/noticias/211-o-diario-oficial-de-galicia-publica-hoxe-as-bases-reguladoras-de-programa-do-bono-das-persoas-autonomas-#.WzNu5YrtbIU>



**O DIARIO OFICIAL DE GALICIA PUBLICA ESTE MES AS BASES REGULADORAS PARA O PROGRAMA DE REMUDAXERACIONAL NOS NEGOCIOS DAS PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS.**



O día 21 de xuño publicase no DOG a Orde pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de remuda xeracional nos negocios das persoas traballadoras autónomas.

Estas bases reguladoras teñen por **obxecto** fixar os criterios e requisitos para a concesión de axudas do Programa de remuda xeracional nos negocios das persoas traballadoras autónomas, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, desde a entrada en vigor desta orde ata o 30 de setembro de 2018.

A **finalidade** deste programa é a concesión de axudas económicas para a realización dun relevo xeracional ordenado nos negocios das persoas traballadoras autónomas.

Serán **persoas beneficiarias** destas axudas a persoa traballadora autónoma que vai transmitir o seu negocio por cesamento, e que no momento da transmisión estea nalguna das seguintes situacións no momento da transmisión do negocio:

- a) Que teñan 63 anos ou máis.
- b) Pola declaración de incapacidade total ou absoluta (incluíndo grande invalidez) recoñecida polos órganos competentes da Seguridade Social.
- c) As persoas herdeiras no caso de falecemento da persoa traballadora autónoma titular do negocio.

No caso das persoas traballadoras autónomas societarias, para ser beneficiarios desta axuda, a transmisión das accións ou participacións da sociedade debe supoñer o control da sociedade por parte do adquirente, é dicir, posuír máis do cincuenta por cento das accións ou participacións da sociedade.

No caso de transmisión do negocio por ter a persoa traballadora autónoma 63 anos ou máis, debe levar máis de 48 meses de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA).

Tamén será beneficiaria da axuda a persoa que adquira o negocio e que estea dada de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) tras a súa adquisición.

A persoa transmisora e a persoa adquirente terán unha axuda consistente no pagamento do 100 % dos gastos de asesoramento cun límite de 1.000 € para a persoa transmisora e de 1.500 € para o adquirente.

No caso de que o negocio teña varias persoas donas a axuda consistirá no pagamento do 100 % dos gastos de asesoramento cun límite de 1.000 € por negocio. Se o negocio ten varias persoas adquirentes para explotalo conxuntamente a axuda será de 1.500 € por negocio.

Na solicitude deberá indicar se solicita a axuda como persoa transmitinte do negocio ou como persoa adquirente do negocio.

O asesoramento poderá ser efectuado por empresas, entidades ou profesionais adicados ao asesoramento e polas asociacións de traballadores autónomos.

O asesoramento deberá plasmarse nun contrato que deberá ter as seguintes cláusulas obrigatorias:

- a) Contrato asesoramento da persoa transmisora.
- b) Contrato asesoramento da persoa adquirente.

O **prazo de presentación** de solicitudes será desde o día seguinte a data de publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia ata o 30 de setembro de 2018.

A **solicitud** deberase presentar no modelo que figura como anexo II a esta orde xunto coa seguinte documentación:

a) As solicitudes deberán ir acompañadas do contrato de asesoramento que deberá incluír as cláusulas obrigatorias especificadas no artigo 7 desta orde, especificar que o asesoramento é para o Programa de remuda xeracional 2018 e os datos identificativos do negocio sobre o que se fai o asesoramento.

b) Contrato de transmisión do negocio ou documento análogo asinado pola persoa adquirente e a transmitinte ou polos seus representantes e debe ter obrigatoriamente unha cláusula de non competencia por parte da persoa transmitinte. No caso de transmisión de accións ou participacións dunha sociedade, o contrato de transmisión ou documento análogo debe explicitar a porcentaxe de accións ou participacións que o adquirente pasa a posuír e debe ser maior do cincuenta por cento para ter dereito á axuda regulada nesta orde.

c) Factura e pagamento do asesoramento.

d) Documento de inscrición no Programa de remuda xeracional na web <http://oficinadoautonomo.gal>, enderezo URL <http://oficinadoautonomo.gal/gl/relevo-autonomo-2018>, documento que se xunta como anexo I a esta orde.

e) No caso de transmisión por incapacidade da persoa traballadora autónoma, resolución da incapacidade total ou absoluta polo órgano competente, se procede.

f) No caso da transmisión do negocio por parte das persoas herdeiras por falecemento da persoa traballadora autónoma dona do negocio, deberán presentar a documentación xustificativa da herdanza (certificado de defunción da persoa traballadora autónoma, certificado de últimas vontades, testamento ou declaración de herdeiros/as).

g) No suposto de actuar mediante representante, poder suficiente de actuar en nome da persoa ou entidade solicitante.

Os requisitos e obrigas das persoas beneficiarias son:

1. A persoa adquirente e a transmitinte teñen a obriga de estar inscritas separada ou conxuntamente no Programa de remuda xeracional na oficina do autónomo.

2. A persoa adquirente debe estar dada de alta no RETA no mes seguinte á transmisión do negocio.

3. Estar ao día nas obrigas tributarias coa Administración do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia, así como coa Seguridade Social.

4. Realizar a súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia.

5. Cumprir as obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. A persoa beneficiaria estará obrigada a comunicar, de xeito inmediato, calquera variación ou extinción das condicións que lle deron dereito a percibir estas axudas.

Para máis información:  
<http://www.apegalicia.es/noticias/214-axudas-para-o-programa-de-remuda-xeracional-nos-negocios-das-persoas-traballadoras-autonomas-repensa-#.WzNzFortbIU>

## O ISGA OFRECE UN PROGRAMA DE RECOÑECIMENTOS MÉDICOS ESPECÍFICOS PARA OS TRABALLADORES/AS AUTÓNOMOS/AS

O ISSGA ofrécelles aos/ás traballadores/as autónomos/as en xeral e socios/as cooperativistas que teñan a condición de traballador/a autónomo/a, que coticen no RETA (Régime Especial de Traballadores Autónomos), incluídos os/as do Sistema Especial de Traballadores Agrarios, a posibilidade de realizar un recoñecemento médico dirixido a favorecer a detección de enfermidades profesionais ou patoloxías laborais propias da súa actividade laboral.

Aos/ás interesados/as faráselles un recoñecemento médico, totalmente gratuíto, nos centros do ISSGA. Non hai data límite para solicitalo, é unha acción permanente.

No caso de que estean interesados/as, cada traballador/a deberá cumprimentar a solicitud e remitila ao Centro do ISSGA correspondente.

Pode solicitar o recoñecemento médico achegando o modelo de solicitud que se atopa na web e dirixilo ó centro territorial do ISSGA no que lle interese facelo:

[http://issga.xunta.es/.../con.../actividade/actividade\\_0010.html](http://issga.xunta.es/.../con.../actividade/actividade_0010.html)

## AXUDAS DO IGAPE PARA NOVOS EMPREENDEDORES (2018).

O obxectivo destas axudas será subvencionar os proxectos de creación de pequenas e medianas empresas por novos emprendedores, así como os proxectos de investimento para a ampliación en pequenas e medianas empresas xa creadas, sempre que cumpran os requisitos para seren consideradas nova peme.

As subvencións serán a fondo perdido en réxime de concorrencia competitiva e os beneficiarios potenciais as pequenas e medianas empresas que cumpran unhas determinadas condicións.

Os proxectos deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Non ter comezado antes da presentación da solicitud de axuda.

b) Presentar un custo subvencionable igual ou superior a 25.000 euros e non superior a 500.000 euros, que se realizará no prazo de execución do proxecto que se estableza na resolución de concesión; se o custo subvencionable resultase superior a 500.000 euros, o Igape reduciría a base subvencionada a esta cantidade.

Para os efectos de cálculo da subvención a fondo perdido, consideraranse integrados na base subvencionable os conceptos seguintes, que cumpren os requisitos establecidos pola Orde HFP/1979/2016, do 29 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas operativos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para o período 2014-2020:

a) Inversións realizadas en:

1º Obra civil para construción, reforma ou habilitación de instalacións en bens inmoables en propiedade, suxeitos aos módulos máximos de custo subvencionable que se achegan como anexo V.

2º Bens de equipamento: maquinaria de proceso, equipamentos informáticos, mobiliario, instalacións específicas para a actividade subvencionable, elementos de transporte interior e equipamentos de protección do ambiente.

3º Outros investimentos en activos fixos mobiliarios.

4º Activos inmateriais, tales como adquisición de dereitos de patentes, licencias, Know how e coñecemento técnicos non patentados, incluíndo aplicacións informáticas, que cumpran as condicións do artigo 14.8 do Regulamento (UE) nº 651/2014.

b) Gastos de investigación e desenvolvemento e o canon fixo de franquías no seu primeiro ano.

c) Os gastos de aluguer de bens inmoables, ata un prazo máximo dez meses.

d) Os gastos do informe de auditor a que fai referencia o artigo 14.6.b) das bases.

e) Os gastos de reforma de instalacións en bens inmoables arrendados, suxeitos aos módulos máximos de custo subvencionable que se achegan como anexo V.

f) Igualmente considéranse subvencionables a adquisición de activos pertencentes a un establecemento cando se cumpran as seguintes condicións:

1º Que o establecemento pechase ou pecharía se non fose adquirido.

2º Que os activos sexan adquiridos a un terceiro non relacionado co comprador,

3º Que a operación teña lugar en condicións de mercado.

Os prazos de presentación de solicitudes serán os seguintes:

<b>Convocatoria</b>	<b>Inicio de prazo</b>	<b>Fin do prazo</b>
2018.1	26/06/2018	27/07/2018
2018.2	30/07/2018	25/10/2018

Para máis información:

<http://www.apegalicia.es/noticias/215-axudas-do-igape-para-novos-emprendedores-2018-#.WzN7nYrtbIU>

## **APE GALICIA**

Tif: 986891657

Móvil: 697.195.540

E-mail: [info@apegalicia.es](mailto:info@apegalicia.es)

Praza España Nº1 Andar 1º Esq. Oficina 1 - 36002 Pontevedra

